

Registro Xeral
SAIDA
UMIGO1101 Nº. 20080000691S
02-04-2008 9:30:47

RESOLUCIÓN REITORAL DE 2 DE ABRIL DE 2008, POLA QUE SE FAN PÚBLICAS AS LISTAS DEFINITIVAS DE ADXUDICATARIOS DAS PRAZAS DO PROGRAMA DE MOBILIDADE SICUE PARA O CURSO 2008/2009

En cumprimento do establecido na Resolución Reitoral de 31 de xaneiro de 2008, pola que se fai pública a Convocatoria do Programa SICUE de Mobilidade Estudiantil para o curso 2008/2009, e unha vez finalizado o prazo de reclamacións establecido,

ESTA REITORÍA RESOLVE

Facer público o listado definitivo de adxudicatarios/as das prazas do Programa de Mobilidade SICUE para o curso 2008/2009 (ANEXO I), así como as correspondentes listas de agarda (ANEXO II).

As prazas que teñan quedado vacantes poderán ser solicitadas por aqueles alumnos que estean interesados nelas, presentando a solicitude incluída na convocatoria SICUE e adxuntando a documentación correspondente en calquera dos rexistros desta Universidade dirixida ao Servizo de Alumnado. As prazas serán adxudicadas por orde de presentación, sempre e cando os/as solicitantes cumpran os requisitos esixidos na convocatoria.

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Así e todo, os/as interesados/as poderán optar por interpor contra esta Resolución recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, ante o mesmo órgano que a dictou. Neste caso non caberá interpor o recurso contencioso-administrativo antes citado mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Vigo, 2 de abril de 2008



O REITOR

Aberto Gago Rodríguez

SR. VICERREITOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO
SRA. VICERREITORA DE TITULACIÓNS E CONVERXENCIA EUROPEA
SRA. VICERREITORA DE EXTENSIÓN CULTURAL E ESTUDANTES
SRA. SECRETARIA XERAL
SRA. VICEXERENTA DE ÁREA ACADÉMICA
SRES/AS. DECANOS/AS/DIRECTORES/AS. DE TODOS OS CENTROS DA UVI
SR. XEFE DE SERVIZO DE ALUMNADO
SR. XEFE DE SERVIZO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA
SRES/AS. ADMINISTRADORES/AS DE CENTROS
SRA. XEFA DE SECCIÓN DE ADMISIÓN E XESTIÓN DE ALUMNOS
SRA. XEFA DE SECCIÓN DE TÍTULOS E PLANS DE ESTUDO
SRA. XEFA DE SECCIÓN DE BOLSAS
SRES/AS. XEFES/AS. DE ÁREA ACADÉMICA/ADMINISTRACIÓN DOS CENTROS DA UVI
SRES/AS. RESPONSABLES DOS REXISTROS AUXILIARES DA UVI
SRES/AS XEFES/AS DAS AREA DE SERVIZOS Á COMUNIDADE
SRA. XEFA DO NEGOCIADO DE INFORMACIÓN XERAL
SRES/AS COORDINADORES/AS DO PROGRAMA SICUE
DELEGACIÓN DE ALUMNOS